

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 9 de xuño de 2010 pola que se crea o ficheiro de xestión de usuarios dos servizos do Instituto de Medicina Legal como ficheiro de datos de carácter persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

A disposición adicional segunda, 2, da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación ou modificación dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse mediante a disposición xeral correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño de 2002 e resolucións posteriores.

A implantación efectiva de medidas de seguridade e a realización de novos servizos ou actividades fan aconsellable a creación de novos ficheiros de protección de datos que se engaden aos xa existentes.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

DISPOÑO:

Primeiro.-Crearase o ficheiro de xestión de usuarios dos servizos do Instituto de Medicina Legal. A súa descrición contense no anexo desta resolución, indicando o nivel de medidas de seguridade, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segundo.-O ficheiro que se indica no anexo rexerá polas disposicións xerais e instrucións que se detallan, e estará sometido, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lles sexan aplicables.

Terceiro.-A aprobación desta resolución non supón a supresión de ningún ficheiro de datos de carácter persoal, polo que non é necesaria a aplicación do disposto no artigo 20.3º da LOPD.

Cuarto.-Ademais das cesións previstas para cada un dos ficheiros, poderanse realizar cesións sempre que así se recolla nunha norma ou para os efectos de lles remitir datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades e cos límites establecidos na lei.

Quinto.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2010.

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

-Ficheiro nº 24 (Xestión de usuarios dos servizos do Instituto de Medicina Legal).

-Identificación do ficheiro:

Xestión de usuarios dos servizos do Instituto de Medicina Legal.

-Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro:

Vicerreitoría de Investigación. Universidade de Santiago de Compostela.

Praza do Obradoiro (Colexio de San Xerome) s/n.
15782 Santiago de Compostela.

A Coruña.

-Órgano, servizo ou unidade na que se deberán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Instituto de Medicina Legal.

Rúa San Francisco s/n.

15782 Santiago de Compostela.

A Coruña.

-Carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro:

Mixto.

-Medidas de seguridade:

Medidas de nivel alto.

-Tipos de datos de carácter persoal que se incluírán no ficheiro:

Datos especialmente protexidos: saúde.

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura/pegada, imaxe/voz, sinatura electrónica.

Outros tipos de datos: información comercial, información xenética.

-Descrición detallada da finalidade do ficheiro e os usos previstos do mesmo:

Ficheiro para a xestión dos datos de persoas físicas interesadas en que o Instituto de Medicina Legal lles oferte os seus servizos, relacionados coa identificación xenética, contrapericias e asesoramento científico-técnico e informes de ADN.

-Tipificación da finalidade e usos previstos:

Prestación de servizos, publicacións, fins históricos, estatísticos ou científicos, historial clínico, actuación de forzas e corpos de seguridade, xustiza.

-Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resultan obrigados a subministrálos:

Solicitantes, representantes legais.

-Procedencia ou procedemento de recollida dos datos:

O propio interesado ou o seu representante legal, administracións públicas. Formularios, tramitación electrónica.

-Órganos e entidades destinatarios das cesións previstas, indicando as transferencias internacionais:

Non se contemplan.

| | | | | | | |
|---|--------------------|----|--------------------|---|----------------------|------|
| 2 | MRC991090127001018 | MR | Conductor mecánico | Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (Lugo) | Servizos periféricos | Lugo |
|---|--------------------|----|--------------------|---|----------------------|------|

Resolución do 30 de xuño de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas definitivas da modificación dos ámbitos en determinados corpos, escalas, grupos e categorías reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Finalizado o prazo fixado pola Resolución do 15 de abril de 2010 (DOG nº 74, do 21 de abril) da Dirección Xeral da Función Pública pola que se fan públicas as listas provisionais da modificación dos ámbitos en determinados corpos, escalas, grupos e categorías reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, constatada a existencia dalgúns erros materiais e vistas as alegacións formuladas polos/as interesados/as, a comisión permanente central acordou, na reunión do 29 de xuño de 2010, elevar a correspondente proposta polo que esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas definitivas da modificación dos ámbitos nos corpos, escalas, grupos e categorías que se inclúen no anexo I desta resolución.

Segundo.-As listas atópanse á disposición dos interesados no Servizo do Rexistro Xeral e Información da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas oficinas de rexistro e información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén poden consultarse na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) no punto Función Pública auto-

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Corrección de erros.-Orde do 22 de xuño de 2010 pola que se convocan para a elección de destino provisional os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría, e acceso libre.

Advertido erro na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 28 de xuño de 2010, é necesario facer a seguinte corrección:

-Na páxina 11.801, no anexo, debe suprimirse o seguinte posto:

nómica. As listas están expostas na forma que se indica a seguir:

-Solicitantes admitidos na lista con indicación dos ámbitos nos que se inclúen.

-Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Terceiro.-As listas entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Contra esta resolución e de conformidade co disposto nos artigos 107.1º e 114 ao 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Corpos e escalas (persoal funcionario)

| Grupo | Corpo/escala | Denominación | Ámbitos |
|-------|--------------|--|--------------------------------|
| A | 2063 | Escala de enxeñeiros/as agrónomos | Provincial e servizos centrais |
| A | 2066 | Escala de enxeñeiros/as de montes | Provincial e servizos centrais |
| B | 2052 | Escala de enxeñeiros/as técnicos forestais | Provincial e servizos centrais |
| B | 2077 | Escala de enxeñeiros/as técnicos agrícola | Provincial e servizos centrais |
| D | 2054 | Escala de axentes forestais | Provincial |